

# Aina e o tren máxico

Agustín Fernández Paz  
Ilustracións de Enjamío



**T**odos os días, cando dan as tres, Ana abre a fiestra do seu cuarto para ver pasar o tren. O primeiro que escoita é un ruído distante; despois ve a locomotora, bufando como un animal xigantesco. E logo o tren enteiro pasa veloz por diante da súa casa, camiño da cidade que hai máis alá das montañas.

Onde Ana vive non hai estación. Seus pais prometéronlle que, algún día, os tres subirían ó tren e farían unha viaxe moi longa, para que Ana puidese coñecer todas as marabillas que hai polo mundo adiante. Pero ese día nunca chega, e a nena ten que conformarse con ver cómo o ferrocarril pasa fugaz por diante dela.

Unha tarde, Ana escoitou o ruído do tren e correu ata o balcón. Cando por fin puido ver a locomotora, decatouse de que nada era coma outros días. Aquel ferrocarril tiña un tamaño moito máis pequeno e avanzaba coa lentitude dun animal fatigado.

Abraiada, a nena viu como o tren se detiña xusto en fronte da súa casa. Contou os vagóns: só eran catro; cinco, se contaba tamén a locomotora. ¿Á que se debería aquela estraña parada?

De pronto, Ana observou que se abría unha porta no derradeiro vagón e que, desde ela, un home lle facía acenos para que se achegase. Intrigada, colleu a súa pequena mochila e baixou as escaleiras a toda velocidade. Despois saíu da casa e correu ata o lugar onde estaba aquel home.

—Benvida, Ana. Eu son Roi, o revisor —o home deulle a man e saudouna cun amplo sorriso—. ¡Sube axiña! ¡Á viaxe non pode continuar sen ti!





Ó entrar no vagón, a nena viu que ela era a única pasaxeira. Quería preguntarlle ó revisor de qué viaxe falaba e cómo era que a coñecía, pero Roi xa deixara de facerlle caso.


Ana sentou a carón dunha fiestra. O tren xa se puxera en marcha e agora avanzaba a gran velocidade polo val. Cando a casa da nena era só un punto pequeno no horizonte, Roi achegouse a Ana. Sacou do peto unha caixa azul e púxoala na palma da man. Era a caixa máis bonita que a nena vira nunca, e brillaba como se gardase unha máxica luz interior. O home fitouna con ollos afagadores e díxolle:

—Pode a caixa ser túa e deixar de ser miña,  
pero só se fi acertas a primeira adiviña.

—¿Unha adiviña? ¡Que ben! —exclamou Ana ó tempo que se lle iluminaba a cara, pois moitas noites seu pai xogaba con ela ás adiviñas.

Entón Roi recitou con voz solemne:

Unha casiña  
con dúas xanelas,  
abren e fechan  
sen tocar nelas.





Ana temía non ser capaz de atopar a solución. Entón reparou nos ollos do revisor, que se abrían e pechaban de cada pouco.

—¡Os ollos, son os ollos! —exclamou triunfante.


—Son os ollos, sí. ¡Acertáchela axiña! —contestou Roi, ó tempo que lle entregaba a caixa.

De seguido, con aire misterioso, engadiu:

—*Son cinco as caixas que debes conseguir  
se un gran segredo queres descubrir.*

E, sen máis, marchou polo corredor adiante.

Cando se viu soa no vagón, Ana examinou a caixa. Non estaba baleira porque, cando a axitaba, algo se movía no seu interior. Tratou de abrila, pero os seus esforzos foron inútiles. E, como xa empezaba a cansar de estar soa tanto tempo, ergueuse e decidiu explorar os outros vagóns daquel ferrocarril.



**A**na quedou abraiada cando entrou no seguinte vagón, pois non se parecía en nada ó que acababa de abandonar. Era moito máis amplo, e todos os asentos estaban ocupados por persoas elegantemente vestidas. Á través das fiestras víanse altos edificios e extensos arboredos; e máis aló, ó fondo, destacaba un monumento que Ana xa vira en moitas fotografías.

¿Que estraño tren era aquel? ¿Como era posible que se atopasen tan lonxe da súa casa? Ana non entendía nada, pero tampouco non tiña ganas de preguntas, pois o único que lle importaba era a excitación da viaxe.

Botou a andar polo corredor, mirando a un lado e a outro. De súpeto, algo chamou a súa atención. Unha muller sostiña entre as mans unha caixa azul, idéntica á que ela tiña. «Son cinco as caixas que debes conseguir», díxeralle o revisor antes de marchar. Ana achegouse a ela e preguntoulle:

—Señora, ¿podería darme a súa caixa azul?

—¿E non me vas dicir antes o teu nome?

—Ana. Chámome Ana —respondeu a nena, desconcertada.

—Eu son *madame* Paulet, pero prefiro que me chames Catherine.

Logo, baixando a voz, engadiu con aire misterioso:

—Pode a caixa ser túa e deixar de ser miña,  
pero só se fi acertas a segunda adiviña.

A nena non contestou; tan só sorriu, como invitándoa a falar. A muller, con voz calma, dixo:

¿Que cousa  
cousiña é

que che dá na cara  
e non a ves?

Entón Ana lembrou as veces en que corría polo prado, mentres o vento lle alborotaba a saia e mais o pelo. Sen dubídale, contestou:

—¡O vento! ¡É o vento!

—Acertaches. A caixa é túa —dixo a muller. Despois deixou de facerlle caso e púxose a mirar a través da fiestra, coma se Ana acabase de volverse invisible para ela.

A nena gardou a segunda caixa na mochila e marchou de alí de contado, decidida a explorar o terceiro vagón.



Ó abrir a porta do novo vagón, o abraio de Ana non tivo límites. O que agora tiña diante dos seus ollos era un compartimento estreito e ategado de xente. Homes e mulleres tiñan o rostro redondeado e o pelo intensamente negro, e cubríanse con ponchos de cores rechamantes.

A través das fiestras, Ana contemplou unha impresionante paisaxe montañosa, con abas tan pendentes como nunca vira. As ruínas dun antigo templo fixéronlle entender que agora viaxaba por outro país. ¿Como cambiara todo tan rápido? ¿Que lugar sería aquel?

Pero Ana nin tan sequera tentou contestar aquelas preguntas. Decidida, botou a andar polo vagón, coa secreta esperanza de que algunha daquelas persoas gardase unha caixa azul.

Desta vez tratábase dunha rapaza de longas trenzas, que colleu a Ana da man e lle fixo un sitio ó seu carón. Cando a viu acomodada, díxolle:

—Ben sei que o teu nome se le igual do dereito e do revés. Coma o meu, pois chámome Luz Azul. E teño o que andas a buscar.

Entón sacou unha caixa de debaixo do poncho e dixo con voz doce:

—Pode a caixa ser túa e deixar de ser miña,  
pero só se ti acertas a terceira adiviña.

Sen agardar a que a nena respondese, pronunciou estas palabras:

Sei dunha saba moi grande  
que non se pode encargar;

está cheiña de manchas  
que non se poden contar.

Ana lembrou as noites de verán nas que, tombadas as dúas na herba, xogaba con súa nai a contar as estrelas do ceo. Sen dubidalo, respondeu:

—A saba moi grande é o ceo; as manchas son as estrelas, que son moitísimas e ninguén as pode contar.

A moza deulle a caixa e Ana gardouna coas outras na mochila. Desta vez non lle sorprendeu que Luz Azul se esquecese dela ó instante. A nena marchou de alí e buscou a porta que lle daba acceso ó seguinte vagón.



**E**n canto Ana abriu a porta, o primeiro que notou foi a intensa luz e a calor abafante. Aquel vagón era aínda máis pobre que o anterior, pois só tiña as vellas paredes de madeira e algúns bancos estragados polo uso.

Un numeroso grupo de persoas viaxaba nel, ocupando ata o máis pequeno espacio que caixas e fardos deixaban libre. Todas tiñan a pel dunha intensa cor negra, todas ían vestidas só coa roupa máis elemental.

Ana avanzaba lentamente, entre as olladas curiosas daquela xente. Ata ela chegaban olores que nunha sentira, e tamén palabras de linguas que oía agora por primeira vez. ¿Que país sería aquel? ¿Atoparía alí a caixa que buscaba?

De súpeto, unhas mans collérona polo brazo e tiraron dela. Deixouse ir ata un dos recunchos do vagón. Alí, sentada nun fardo, unha velliña moi vella, con cara atravesada por milleiros de enrugas, sorría para ela mentres sostíña unha caixa azul na palma da man.

—O meu nome é Ma Ndonge e o teu é Ana —díxolle a vella—. Levo agardándote moito tempo, pensei que nunca chegarías.

—Pois xa estou aquí —respondeu a nena—. Esa caixa que ten na man debe de ser para min.

A vella sorriu. Despois, dixo moi a modo:

—Pode a caixa ser túa e deixar de ser miña,  
pero só se ti acertas esta cuarta adiviña.

Confiada, Ana escoitou con atención as palabras da vella:

¿Que é unha cousiña cousa  
que entra na auga  
e nunca se molla?

Entón a nena lembrou as noites de verán en que a lúa chea se reflectía no fondo do pozo, coma se caese dentro del. Sen dubidalo, respondeu:

—¡Á lúa! ¡É a lúa, ó reflectirse!

—Acertaches; a caixa é túa —respondeu Ma Ndonge, ó tempo que pechaba os ollos e se desentendía de Ana.

A nena mirouna por última vez e abandonou tamén aquel vello vagón.



Cando Ana abriu a porta, atopouse con que xa non había máis vagóns. Agora estaba na plataforma que daba paso á locomotora. Sempre lle ilusionara coñecer unha por dentro, así que atravesou o pequeno espacio que a separaba dela. Despois de abrir unha porta metálica, atopouse dentro da máquina.

Na parte dianteira, sentado ante un gran cadro de mandos, estaba o home que a invitara a subir ó tren.

—¡Ola, Roi! ¡Son eu, outra vez! —saudouno Ana.

—¿Roi? Perdoa, pero non son Roi. O meu nome é Brais.

—¡Será posible! —exclamou Ana—. ¿E por que me mentiches antes?

—¿Quen fala de mentir? ¡Eu son Brais, o maquinista!

—¿E logo quen é Roi? —preguntou Ana, amolada.

—Roi é meu irmán, o revisor. Pero eu son Brais. Somos xemelgos, ¿sabes?

—¡Ah, sodes xemelgos! ¿E onde vai Roi?

—Andará polo tren, supoño. Por certo, díxome que lle dese isto á primeira nena que aparecese por aquí. Non veu ningunha antes, así que debe de ser para ti.

Brais sacou dun estoxo unha caixa azul e entregoulla. Sorprendida, Ana preguntou:

—¿E non me pos ningunha adiviña?

—Non. Roi encargoume que cha dixese cando baixases na túa parada —contestou o maquinista—. E chegaches xusto a tempo, porque xa estamos nela.

Ana ollou a través das fiestras e viu que o tren acababa de deterse en fronte da súa casa. Ó mirar o sol, xa moi baixo, lembrou o tarde que era; seguro que seus pais estaban preocupados pola súa tardanza. Brais abriulle a porta e despediuse dela.

—¡Espera, non marches aínda! —exclamou Ana—. ¿Cal era a adiviña?

—¡Ai, si! Perdoa, case me esquezo. Roi díxome que non pensases nela ata estares na túa casa.

—¡Pero non me dixeches cá! —insistiu a nena.

Entón o maquinista, mentres o tren botaba outra vez a andar, berroulle pola fiestra:

Teño follas sen ser árbore,  
fáloche e non teño voz,

se me abren non me queixo,  
adiviña ti quén son.





**A**na agardou a que o tren se perdese outra vez no fondo do val e logo correu ata a súa casa. Seus pais aínda non volveran do traballo, así que subiu e pechouse no seu cuarto. Colleu a mochila e baleirouna enriba da cama. As cinco caixas azuis brillaban tenuemente sobre a colcha. ¿Que habería dentro delas?

Entón a nena lembrou a adiviña que lle dixeran Brais. Como era das fáciles, tardou moi pouco en atopar a solución:

—¡Xa sei! ¡É o libro! —exclamou, triunfante.

E nese mesmo momento escoitou cinco ¡clicks!: as cinco caixas acababan de abrirse, como se unha man invisible as manipulase. Ana viu que dentro de cada unha delas había unha peza dourada, coma se fosen anacos dun puzzle.

Colleu as cinco pezas e foinas encaixando unha a unha. Todas xuntas formaban un bloque rectangular. Cando encaixou a última, houbo unha súbita luzada e as pezas deron en brillar con tal intensidade que Ana pechou os ollos, incapaz de soportar aquela luz.

Cando os abriu, viu que o que agora había sobre a colcha era un precioso libro de cor granate, co seu título impreso en letras douradas:



Abriuno pola primeira folla e comezou a ler. E así estivo, embebida na lectura, ata que escoitou a voz de súa nai chamándoa para que baixase a cear. Entón pechou o libro e gardouno debaixo da almofada. E baixou as escaleiras cos ollos brillantes e coa alegría inundándolle o corazón. Porque agora sabía que naquel libro alguén escribira para ela todas as historias fermosas que as persoas foron creando ó longo do tempo, en calquera país do mundo, para axudarnos a soñar e a vivir.